

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Gonzalo Hermo González (2014): “O *Libro II de tenzas* da catedral de Santiago de Compostela. Cuestións codicolóxicas, paleográficas e históricas”. *A investigación predoutoral na USC: novos camiños. I Encontro da Mocidade Investigadora (decembro 2012)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 86.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

**O LIBRO II DE TENZAS DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA.
CUESTIÓNS CODICOLÓXICAS, PALEOGRÁFICAS E
HISTÓRICAS**

*G. Hermo González**

**gonzalo.hermo@gmail.com*

Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

Dado que nos atopamos na fase inicial de elaboración da tese, o noso propósito é presentar o material obxecto de estudo, isto é, o *Libro II de tenzas*, con especial atención aos elementos codicolóxicos, paleográficos e históricos.

Así pois, comezaremos definindo o concepto de *tenza*, procurando contextualizar a súa singularidade e importancia no marco das propiedades capitulares. Isto dará pé a falar dos distintos libros de tenzas que se custodian no Arquivo Catedralicio de Santiago (en diante, ACS), dos que describiremos brevemente o seu contido, a súa función e a súa cronoloxía. De entre eles, destacaremos o códice obxecto de análise e comparémoslo cunha copia tamén conservada no ACS.

Indo xa ao miolo da nosa intervención, describiremos formalmente o *Libro II de tenzas*, con referencias ao tipo de encadernación, ás medidas das tapas, as páxinas e as caixas de escritura, ao soporte utilizado, ao número e disposición dos folios, ás tintas empregadas, á existencia de apoios para a escrita, ás ilustracións e adobíos, á organización do material de escritura en cadernos e, en xeral, ao estado de conservación. Neste bloque de contidos incluírase, ademais, información sobre o tipo de letra e o número de escribáns que interveñen no proceso de escrita. Faremos mención, ademais, ao sistema abreviativo e analizaremos a organización interna do códice. Trazaremos, en fin, un percorrido a través das principais características codicolóxicas, paleográficas e textuais do volume, o que servirá para perfilar o estudo preliminar da tese de doutoramento.

Para rematar, subliñaremos o interese multidisciplinar do libro e afondaremos no aproveitamento que del podemos tirar para moitas das áreas da filoloxía, como a lingüística diacrónica, a dialectoloxía, a onomástica, a lexicografía ou a escriptoloxía, pero tamén para outras ramas do saber, tales como a historia, a historia da arte, a xeografía e o dereito.